## O. R. A. L.

*XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL*

### ANUNCIO

### *EXPOSICIÓN PÚBLICA DAS LISTAS COBRATORIAS DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO 2013*

De conformidade co art. 77.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as Listas Cobratorias do imposto sobre Bens Inmobles do exercicio 2013 poranse ó dispor do público nos concellos da provincia que máis adiante se relacionan dende o día 1 de agosto ao 1 de setembro de 2013, ambos inclusive, o que fai posible que os interesados, durante dito prazo, examinen os mesmos. Podendo presentar, no prazo dun mes, desde o 02 de setembro de 2013, ambos inclusive, as reclamacións procedentes perante a Tesourería desta Deputación de Pontevedra - ORAL (art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004).

### *COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO 2013*

De conformidade co previsto no art. 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, de 29 de xullo de 2005 (RD 939/2005), comunícaselles ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza do imposto indicado, para os concellos que máis adiante se relacionan, será do 01 de agosto ao 15 de outubro do ano 2013, ámbalas dúas datas inclusive. Tendo en conta que o prazo límite de ingreso será o día 15 de outubro de 2013 no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora (art. 19.3 do Regulamento Xeral de Recadación, R.D. 939/2005).

O imposto deberá satisfacerse, consonte co artigo 23 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, a través de calquera entidade bancaria ou na caixa dos Servizos Centrais do ORAL, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento poderá, ata o día 15 de outubro de 2013, obter un duplicado nos Servizos Centrais do ORAL (Avda. de Marín, 9 - 36071 Pontevedra) ou na Oficina Periférica máis próxima ao seu domicilio.

Os contribuíntes que a 01 de outubro de 2013 non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o 15 de outubro de 2013 para os solicitar nas oficinas indicadas e efectua-lo pagamento nas entidades bancarias ou nos Servizos Centrais, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

### *RELACIÓN DE CONCELLOS*

| | | |
|---|---|---|
| ARBO | BARRO | BAIONA |
| CALDAS DE REIS | CAMBADOS | CAMPO LAMEIRO |
| CANGAS | CAÑIZA | CATOIRA |
| CERDEDO | COTOBADE | COVELO |
| CRECENTE | CUNTIS | DOZÓN |
| A ESTRADA | AGOLADA | GONDOMAR |
| LALÍN | A LAMA | MEAÑO |
| MEIS | MOAÑA | MONDARÍZ |

| | | |
|---|---|---|
| MONDARÍZ-BALNEARIO | MORAÑA | MOS |
| AS NEVES | NIGRÁN | OIA |
| PAZOS DE BORBÉN | O PORRIÑO | PORTAS |
| POIO | PONTEAREAS | PONTE CALDELAS |
| PONTECESURES | RIBADUMIA | RODEIRO |
| ROSAL | SALCEDA DE CASELAS | SALVATERRA DE MIÑO |
| SANXENXO | SILLEDA | SOUTOMAIOR |
| TOMIÑO | TUI | VALGA |
| VILABOA | VILA DE CRUCES | VILANOVA DE AROUSA |

**RELACIÓN DE OFICINAS ORAL:**

| OFICINA PRINCIPAL | CENTROS DEPENDENTES | DIRECCIÓN | TELÉFONO | DÍAS E HORARIO DE APERTURA |
|---|---|---|---|---|
| O.P. COMARCAS DO DEZA | O.P. LALÍN | Rúa Garda Civil, 26 baixo. 36500 Lalín. | 986 780 447 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| O.P. COMARCA DE TAABEIRÓS – TERRA DE MONTES | O.P. A ESTRADA | Av. Benito Vigo, 47-baixo. 36680 A Estrada | 986 570 262 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| O.P. COMARCA DE CALDAS E SALNÉS | O.P. CALDAS DE REIS | Rúa José Salgado, 19 baixo - 36650 Caldas de Reis | 986 530 001 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| | O.P. VILANOVA DE AROUSA | Rúa Aromas de Leyenda, 11 baixo. 36620 - Vilanova de Arousa | 986 561 081 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| | O.P. CAMBADOS | R/ Ourense, 8 36630 Cambados | 986 524 600 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| | O.P. SANXENXO | Rúa Carlos Casas, 8-baixo. 36960 Sanxenxo | 986 691 077 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| O.P. COMARCAS DO MORRAZO E VAL MIÑOR | O.P. CANGAS | R/ Castelao, s/n - Edificio Concello. 36940 Cangas | 986 305 019 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| | O.P. MOAÑA | Rúa Almansa, 7 baixo. 36950 Moaña | 986 315 018 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| | O.P. NIGRÁN | Rúa Damas Apostólicas, 15-ofic, 108. 36370 A Ramallosa - Nigrán | 986 350 351 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| | O. AUX. BUEU | Eduardo Vicenti, 8. 36930 - Bueu | 986 859 993 | Xoves de 9:00 a 13:30 horas |
| O.P. COMARCA DO BAIXO MIÑO | O.P. TUI | Rúa Coruña, 26. 36700 Tui | 986 600 972 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| | O. AUX.TOMIÑO | Edif. Concello, Pz. Calvo Sotelo, s/n - 36740 Tomiño | 986 18 40 60 | 1er e último mércores de cada mes de 9:00 a 13: 30 horas |
| | O. AUX. O ROSAL | Praza do Calvario, 1 – Edif. Concello 36770 - O Rosal | 986 626 298 | Martes e xoves de 9:00 a 13:30 horas |
| O.P. COMARCA DA ÁREA DE VIGO | O.P. O PORRIÑO | Rúa Pinar, 5- Baixo - 36400- O Porriño | 986 331 817 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| O.P. COMARCA DO CONDADO E PARADANTA | O.AUX. CRECENTE | Rúa Solís Ruíz, 8. 36420 - Crecente | 986 859 993 | Venres de 9:00 a 13:30 horas |
| | O.P. PONTEAREAS | Rúa Alcalde Daniel Ojea, 5 baixo. 36860 Ponteareas | 986 640 007 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| | O. AUX. ARBO | R/ Luís Cubelas, 2 Sm - 36430 Arbo | 986 665 555 | Mércores de 9:00 a 13:30 horas |
| | O. AUX. A CAÑIZA | R/Progreso – Edif. Xulgados. 36880 A Cañiza | 986 651 065 | Martes e xoves 9:00 a 13:30 horas |
| | O. AUX. AS NEVES | Pza. Da Cristiandade, s/n. 36440 – As Neves | 986 152 177 | Venres de 9:00 a 13:30 horas |
| | O. AUX. O COVELO | Pza. Mestre Cerviño, 2. 36872 - Covelo | 986 650 027 | Luns de 9:00 a 13:30 horas |
| COMARCA DE PONTEVEDRA | SERVIZOS CENTRAIS | Avda. de Marín, 9. 36071 – Pontevedra | 986 859 993 | De luns a venres de 8:30 a 14:30 horas |
| | O. AUX. PONTE CALDELAS | Avda. de Galicia, 17 – Edif. Concello | 986 750 058 | Venres de 9:00 a 13:30 horas |

Pontevedra, 19 de xullo de 2013.—O Tesoureiro, Miguel Ángel Santirso Fernández. **2013006899**